



HAVANA SOUL



HAVANA SOUL

“A Historia da música cubana é un vasto, intrigante, dinámico, fascinante, suxestivo, excitante e a miúdo avasallador fresco. Dos seus nebulosos orixes ao recoñecemento universal do que goza hoxe en día, a música cubana creceu en estatura e os seus aspectos populares influenciaron progresivamente o modo de facer música noutras culturas.”

Havana Soul (Alma Habanera) está formada por músicos gallegos e cubanos residentes en Galicia desde fai máis de vinte anos. Co proxecto pretenden rendir homenaxe a unha época e a unha maneira de entender e concebir a Música pero cunha perspectiva do noso tempo.

O espectáculo fusiona a Música Cubana co Jazz, o Soul e a Música Galega (como exemplo a versión do tema LELA).

Havana Soul está formado por: Wilson Ortega (trompeta), Dayamí Andux (voz), Sergio Delgado (piano), Fernando Couce (batería e percusión latina) e Jose Luis Cuba (baixo).



HAVANA SOUL

Wilson Ortega (trompeta)

Comenza os seus estudos de trompeta aos dez anos na súa vila natal, Guanabacoa (La Habana). Recibiu clases dos máis prestixiosos trompetistas tanto no ámbito clásico como no Jazz. Arturo Sandoval é o seu mentor e referente. Actuou con figuras internacionais: Rex Richardson, Walter White, George Coleman, Cristina Pato, Rosa Cedrón, Melendi e David Bisbal entre outr@s. Colaborou con Berrogueto, Luar Na Lubre e formou parte da orquestra "Paris de Noia". Máis de 20 grabacións editadas. Foi profesor de Trompeta e Música de cámara nos Conservatorios de A Coruña, Santiago de Compostela e Culleredo, impartindo numerosos cursos especializados por toda a xeografía galega, e recentemente na Habana (Cuba). Na actualidade é Profesor de Música en Primaria e Secundaria no Colexio "Liceo La Paz" e no Conservatorio de Música Profesional "Liceo La Paz". Colabora activamente en diversos proxectos con músicos locais e eventos musicales como "Galician Connection", "Meninas de Canido", Curso de Jazz de Ribadeo e o prestixioso "Festival Internacional de Trompeta de Maspalomas G. Canaria".



HAVANA SOUL

Dayamí Andux (voz)

“Unha Dama da Canción con acento cubano” definiu así A Voz de Galicia á nosa cantante. Saíu de Cuba en 1998 e levouse o seu talento para a música coas súas maletas. O seu bo traballo, o seu estilo e a súa versatilidade para a interpretación non pasaron desapercibidos e foi vocalista de numerosas orquestras, colaborando con moitos músicos de gran empaque como o pianista Fran Rey, Daniel Adzemian e o cantautor Marcos Mella, co que volveu a gravar a canción “Esas Palabras” no seu último disco.

Dayamí sorprende e pode pasar dun fillo cubano a un tema coa forza de Proud Mary, versionado como se se convertese na propia Tina Turner. A versatilidade de adaptarse a calquera estilo convértea nunha verdadeira “Dama da canción”.

HAVANA SOUL



Sergio Delgado (piano)

Actualmente é Profesor na Escola de Músicos de A Coruña onde imparte clases de Piano, Combos Jazz e Latino, Harmonía Moderna e Informática Musical, é habitual en eventos como o “Festival Internacional de Jazz de Vigo” ou o “Seminario internacional de jazz de Mondoñedo”, colaborador de grupos como Venueconnection, Calixto Oviedo project, Silent D jazz, o saxofonista galego Roberto Somoza e no disco “Meu” de Carmen Rey.

Hai que destacar por outra banda a súa labor como teclista na recién creada Orquesta de jazz de Galicia. Formou parte de anteriores agrupacións con Wilson Ortega como “Feel Jazz Trio” ou Wilson & Friends”.



HAVANA SOUL

Fernando Couce
(batería e
percusión latina)

Na Actualidade leva máis de 30 anos dedicados á Música e especialmente á Batería, o seu principal instrumento. Traballou cunha grande cantidade de artistas dos máis variados estilos como Funky “A Big Band de Jazz da Coruña”, o grupo de Folk “A Roda” e cantautores como Jose Antonio Labordeta, Carmen París, Marcos Mella ou Carlos Mosquera.

Como músico de estudo é moi activo, con multitud de actuacións e grabacións con grupos de rock, pop, jazz, salsa e outros estilos. Desde o 2016 alterna o seu traballo como músico en diferentes formacións coa de técnico de son na súa propia empresa de Producción de Espectáculos e edición de videos.

Como Docente destaca a súa labor no proxecto AEM (Aulas de Estudo de Música) e nas “Escola Municipal de Música Moderna de Narón - A Coruña” e “Escola de Música Moderna LEVEL de Zaragoza”.



HAVANA SOUL

José Luis Cuba (baixo)

Desde moi novo sempre estivo moi interesado pola música. Aos 13 anos consegue facerse cunha guitarra e dunha forma autodidacta, comeza a investigar en devandito instrumento, chegando así a actuar nos festivales do colexio. Logo de pasado un tempo e xa con 17 anos sente certa inquietude polo baixo, o cal chega a apaixonarlle. Comeza a estudalo de xeito autodidacta, fai uns cursos de solfeo e examínase no conservatorio de música de Santiago de Compostela, decide tomar unhas clases de instrumento co Contrabajista Baldo Martínez e logo continua os seus estudos.

Realiza intervencións con grupos poperos e rockeiros da zona de Ferrolterra. Máis tarde decide introducirse no mundo das orquestras pasando por agrupaciones como Reflexo, Costa Norte, Lamas A Piña, Montes, Players, etc.

Forma parte de agrupaciones de Blues e Jazz como Forcadas Blues Band e Julie Guravich Quartet. Realiza gravacións e intervencións con cantautores como Xoán Loura, Daniel Azdemián e Marcos Mella. Actualmente forma parte da Orqueta Principal, realiza gravacións e actuacións en directo con diferentes artistas e imparte clases de guitarra e baixo eléctrico.

ZARPA

MUSIC

management

www.zarpamusic.com

E-mail: zarpa@zarpamusic.com

Móvil/WhatsApp: 689540876

**HAVANA
SOUL**